

INSTITUCIONAL

A Comisión Executiva do Consorcio aprobou o encargo a Tragsa da obra de substitución da cuberta do Pazo de Congressos

A Comisión Executiva do Consorcio de Santiago reuniuse o día 27 para aprobar, entre outros asuntos, o encargo á empresa Tragsa da obra de substitución da cuberta do Pazo de Congressos compostelán por un importe de 2.715.380,40€.

Estas obras, que centraron a reunión, buscarán substituír a cuberta do Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia, xa que sofre diversas filtracións de auga que afectan a todo o edificio.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/comision-executiva-do-consorcio-de-santiago-aproba-o-encargo-tragsa-da-obra-de-substitucion-da>



PUBLICACIÓNS



Unha guía recolle as gárgolas máis singulares dos edificios e monumentos históricos de Santiago

O Consorcio de Santiago e a Editora Alvarellos presentaron no Centro Internacional de Prensa de Galicia o libro 'Gárgolas de Compostela', unha edición trilingüe en galego, castelán e inglés, escrito por Benxamín Vázquez e que contén fotografías de Xaime Cortizo.

Na guía recóllense 30 das 300 gárgola que se estima que hai na cidade. Cada unha destas gárgolas vén indicada coa súa situación, clasificación, información e descrición, acompañada por diversas imaxes ilustrativas, obras do fotógrafo Xaime Cortizo. Probablemente este sexa o maior mostrario de gárgolas en Europa.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/unha-guia-recolle-gargolas-mais-singulares-dos-edificios-e-monumentos-historicos-de-santiago>

EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido recolleu a celebración do Día de Lorca en Galicia

A exposición 'Lorca en Compostela', aberta ao público desde o pasado 20 de xullo na Casa do Cabido, vive os seus últimos días na sala de mostras do Casco Histórico compostelán xa que estará aberta ata o vindeiro domingo 5 de novembro.

Esta mostra xa é a máis visitada desde que a Casa do Cabido está aberta ao público acoitando exposicións, recibindo nestes meses preto de 20.000 visitantes.

Ademais, o día 25, acolleu a celebración do Día de Lorca en Compostela no cal participaron un grupo de alumnos do instituto Rosalía de Castro que recitaron os *Seis poemas galegos* en conmemoración do día no que Federico García Lorca visitou Galicia por primeira vez, no ano 1916. Despois, realizouse unha ofrenda floral ante a estatua de Lorca na Alameda.



Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/ultimos-dias-para-visitacion-exposicion-lorca-en-compostela-da-casa-do-cabido>

MÚSICA

A Real Filharmonía de Galicia participa no ciclo de música Ópticas Contemporáneas da Cidade da Cultura

A Real Filharmonía de Galicia participará no ciclo de música Ópticas Contemporáneas. A música reborda o pentagrama que ofrece a Cidade da Cultura de Galicia. Será o vindeiro venres, 3 de novembro, ás 20h co concerto *Flying pictures* at an exhibition no Museo Centro Gaiás.

Neste evento ofrecerase unha experiencia diferente á habitual dun auditorio: haberá servizo de bar, ambientación lumínica distinta á tradicional dun concerto instrumental e asentos tipo "puf", creando un ambiente de "club" para vivir a actuación de maneira cómoda e desenfadada.

Máis información:

<http://www.rfgalicia.org/gl/flying-pictures/>



Tres concertos moi diferentes protagonizan o mes de novembro da temporada 'Migracións'

Tras a estrea de 'Migracións' no mes de outubro, a temporada de abono da RFG, primeira con Baldur Brönnimann á cabeza, continúa tras o paso pola Cidade da Cultura.

O día 9 Aarón Zapico dirixe o concerto *le grand tour*. O 16 viviremos un clásico de todas as temporadas como é a película de Cineuropa con banda sonora interpretada pola RFG, que levará por título *o inmigrante* e terá na batuta a Timothy Brock. Por último, o día 22 en Vigo, 23 en Compostela e 24 en Ferrol, Baldur dirixe *o son que latexa*, onde se estreará *Schattenhaft*, de Hugo Gómez-Chao.

Toda a información na web da RFG:

<http://www.rfgalicia.org>

